

ACTA Nº 13-2011
DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 14 DE XULLO DE 2011 -

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente: -ADOLFO FRANCISCO
MUIÑOS SANCHEZ

Concelleiros/as:

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN
JOSE RICARDO BESADA GESTO
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE
ELISA BOUZAS VICENTE
ANA MARIA EITOR VIDAL
ADELINA CES QUINTANS
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
JOSE CARLOS GEY HERMO
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO
MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO
SONIA CASTAÑO EIRAS
ANA MARIA AGRELO REY

Concelleiros ausentes:

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belen Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as señores/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión extraordinaria.

Constatada a presenza de todos os seus membros, e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, polo Sr/a. Presidente/a declárase aberta a sesión, e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

- 1º.- TOMA DE POSESIÓN DE NOVO CONCELLEIRO ANA MARIA AGRELO REY.
- 2º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 3º.- DACION DE CONTA DO INFORME CONXUNTO DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERÍA PREVISTO NO ARTIGO 4º E 5º DA LEI 15/2010, DE 05 DE XUÑO.-
- 4º.- DACION DE CONTA DA OPCION COMO CONCELLEIRO E ALCALDE DE DON ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ E O PASE Á SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS.-
- 5º.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA Nº 972/2011, DO 05 DE XULLO SOBOR DA ACEPTACIÓN DAS DEDICACIÓNS APROBADAS.
- 6º.- DACION DE CONTA DOS CONCELLEIROS QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS, E DA R.A. Nº 988/2011, DO 11 DE XULLO, DE DELEGACIONS DA PRESIDENCIA.
- 7º.- NOMEAMENTO DE MEMBROS (pendentes) DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN.
- 8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDEANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS.□

1.- TOMA DE POSESIÓN DE NOVO CONCELLEIRO ANA MARIA AGRELO REY

O Alcalde da a palabra á Secretaria para este asunto.

Pola Sra.Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor da concelleira seguinte:

- Dona Ana María Agrelo Rey: en substitución, por renuncia do concelleiro D.Carlos Henrique Fernández Coto, e renuncia anticipada de D. Francisco Carnota Cruces, das que se deu conta no Pleno celebrado o día 30 de xuño de 2011.

A candidata electa en cumprimento do disposto no número 5 do artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, do 21 de abril, presentou declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais ante a Secretaria do Concello no día de onte.

Caso de concorrer nalgunha incompatibilidade informaráselle e se someterá á declaración plenaria, debendo a concelleira en cuestión optar pola renuncia ao cargo de concelleiro ou á actividade que a ocasiona no prazo de dez días dende aquel momento.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, a Sra. Concelleira debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleira, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución, segundo a fórmula seguinte: *"xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado"*.

Procédese a chamar á Sra. Concelleira, que unha vez identificada realiza a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo a fórmula legal.

O Alcalde dálle a benvida no nome da Corporación.

2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 12 Sesión Organizativa do día 30 de xuño de 2011.

A Presidencia pregúntalle aos Sres/sras. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

3.- DACION DE CONTA DO INFORME CONXUNTO DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERÍA PREVISTO NO ARTIGO 4º E 5º DA LEI 15/2010, DE 05 DE XUÑO

O Sr.Alcalde da conta do informe conxunto emitido pola Intervención e Tesourería municipal o día 27 de abril de 2011, cuxo contido é o que segue:

<<INFORME DE LA INTERVENCIÓN GENERAL DEL AYUNTAMIENTO DE RIANXO:

ASUNTO: *Cumplimiento de las obligaciones legales de los artículos 4 y 5 de la Ley 15/2010, de fecha 5 de julio (BOE de fecha 6 de julio de 2010, número 163).*

I.-**Diligencia preliminar:** El presente informe se realiza en lengua castellana o española, dado que así se exige por el Ministerio de Economía y Hacienda (ente público al que se debe enviar, entre otros, esta documentación).

II.-**Antecedentes:** Producida la entrada en vigor de la Ley 15/2010, con fecha del 7 de julio de 2010, se ha producido a cumplir la segunda remisión relativa tanto al informe trimestral del artículo 4 como del artículo 5. Ambos informes vencieron el día 7 de abril, y refundían los requerimientos mensuales a los que se refiere el artículo 5 del mencionado texto legal de vencimientos del 7 de agosto de 2010 al 7 de enero de 2011, relativos a las facturas sin contabilización que obraban en el registro general de facturas.

El mencionado informe trimestral será elevado ante la Alcaldía Presidencia con el ruego de su elevación ante el Pleno Corporativo.

Posteriormente se deberá remitir el informe con sus antecedentes documentales, y a los efectos legalmente previstos, al Ministerio de Economía y Hacienda (Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales y a la Dirección General de Política Financiera y Tesoro de la Consejería de Hacienda de la Xunta de Galicia. . Fe de todo ello debe constar en el expediente.

Procede pues por el presente proceder a evacuar el primer informe trimestral que se referencia tanto en el artículo 4 como en el 5 de la mencionada Ley. Dicho informe debería haberse efectuado con fecha del 7 de abril de 2.011 , y fácticamente se presenta ante la Alcaldía con fecha del 26 de abril de 2.011.

Los datos están cerrados a fecha del 07 de abril de 2.011, y abarcan todo el periodo comprendido desde el 1 de enero hasta el 7 de abril, ambos inclusive.

No obstante, en las tareas de verificación que sean precisas dichas variaciones se pondrán de manifiesto. Por lo tanto respecto de las facturas no contabilizadas a la fecha de emisión del informe, que este hecho haya sido efectuado con posterioridad se pondrá tal hecho de manifiesto al órgano gestor de referencia.

A partir de la fecha los requerimientos e informes se deberán efectuar con puntualidad, por lo que han girado las debidas instrucciones para que se efectúen a partir de la fecha, el día 7 de cada mes y de cada trimestre, respectivamente, a partir del día 7 de abril de 2.011, con la siguiente secuencia:

a) Requerimientos del artículo 5º: día 7 de cada mes, comenzando por el día 7 de abril (el 7 de marzo se integra en el presente), y así cada mes sucesivo.

b) Informes trimestrales: día 7 de abril, 7 de julio, 7 de octubre, y así sucesivamente.

III.-NORMATIVA APLICABLE:

Artículo 4. Morosidad de las Administraciones Públicas:

"1. El Interventor General del Estado elaborará trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de la Administración General del Estado, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

2. Las Comunidades Autónomas establecerán su propio sistema de información trimestral pública sobre el cumplimiento de los plazos previstos para el pago en esta Ley.

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas."

Artículo 5. Registro de facturas en las Administraciones locales:

"1. La Entidad local dispondrá de un registro de todas las facturas y demás documentos emitidos por los contratistas a efectos de justificar las prestaciones realizadas por los mismos, cuya gestión corresponderá a la Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad.

2. Cualquier factura o documento justificativo emitido por los contratistas a cargo de la Entidad local, deberá ser objeto de anotación en el registro indicado en el apartado anterior con carácter previo a su remisión al órgano responsable de la obligación económica.

3. Transcurrido un mes desde la anotación en el registro de la factura o documento justificativo sin que el órgano gestor haya procedido a tramitar el oportuno expediente de reconocimiento de la obligación, derivado de la aprobación de la respectiva certificación de obra o acto administrativo de conformidad con la prestación realizada, la Intervención o el órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad requerirá a dicho órgano gestor para que justifique por escrito la falta de tramitación de dicho expediente.

4. La Intervención u órgano de la Entidad local que tenga atribuida la función de contabilidad incorporará al informe trimestral al Pleno regulado en el artículo anterior, una relación de las facturas o documentos justificativos con respecto a los cuales hayan transcurrido más de tres meses desde su anotación en el citado registro y no se hayan tramitado los correspondientes expedientes de reconocimiento de la obligación o se haya justificado por el órgano gestor la ausencia de tramitación de los mismos. El Pleno, en el plazo de 15 días contados desde el día de la reunión en la que tenga conocimiento de dicha información, publicará un informe agregado de la relación de facturas y documentos que se le hayan presentado agrupándolos según su estado de tramitación."

Disposición Final única. Entrada en vigor: "La presente Ley entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el «Boletín Oficial del Estado».

Artículo 3. Modificación de la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de Contratos del Sector Público:

"Tres. Se añade una nueva disposición transitoria octava con la siguiente redacción:

«Disposición transitoria octava. Plazos a los que se refiere el artículo 200 de la Ley.

El plazo de treinta días a que se refiere el apartado 4 del artículo 200 de esta Ley, en la redacción dada por el artículo tercero de la Ley de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, se aplicará a partir del 1 de enero de 2013.

Desde la entrada en vigor de esta disposición y el 31 de diciembre de 2010 el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta y cinco días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obras o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato.

Entre el 1 de enero de 2011 y el 31 de diciembre de 2011, el plazo en el que las Administraciones tienen la obligación de abonar el precio de las obligaciones a las que se refiere el apartado 4 del artículo 200 será dentro de los cincuenta días siguientes a la fecha de la expedición de las certificaciones de obra o de los correspondientes documentos que acrediten la realización total o parcial del contrato."

IV.-HECHOS:

Por lo tanto, y en virtud de todo lo expuesto se han emitido las siguientes relaciones de facturas por cada uno de los entes de derecho público y de naturaleza jurídico administrativa dependientes de este Ayuntamiento de Rianxo, a saber:

A.-Entidad Local.

A.-ENTIDAD LOCAL DEL AYUNTAMIENTO DE RIANXO (A CORUÑA):

DE LO QUE SE DEDUCE (fecha de referencia a 07 de ABRIL de 2.011):

1º.-TOTAL FACTURAS REGISTRADAS DEL 1 DE ENERO AL 07.04.2011 : 679 facturas por un importe global de 503.360,20 euros (incluyen las facturas y/o certificaciones de gasto de inversión, que aunque obedecen todas a tiempos y contratos previos a la entrada en vigor de la Ley 15/2010, han sido todas ellas correctamente contabilizadas y satisfechas en pago, en el plazo legal).

2º.-TOTAL FACTURAS CONTABILIZADAS DEL 1 DE ENERO AL 07.04.2011 : 652 facturas por un importe global de 379.419,27 euros, de las cuales, 253 facturas por un importe global de 137.436,92 euros (36,22 % fueron pagadas por tesorería, dentro de plazo (50 días). A su vez están pendiente de pago un total de 399 facturas por importe de 241.982,35 € (63,77 %).

3º.-TOTAL FACTURAS NO CONTABILIZADAS REGISTRADAS EN 2.011 : 27 Facturas que están registradas y hecha la correspondiente fase AD, por importe de 123.940,93€, pendientes de aprobación que no han transcurrido 3 meses.

4º.- CUENTA DE LA ANTERIOR RENDICION DE CUENTAS DE 2010: De las facturas que quedaban pendientes del ejercicio 2010 un total de 1.993 facturas por importe de 1.472.231,50€ han sido pagadas fuera de plazo 1.031 facturas por importe de 968.880,42€, quedando pendientes de pago un total de 962 facturas por importe de 503.351,08€

POR LO TANTO EN VIRTUD DEL PRESENTE:

1º.-Por mandato del artículo 4º de la Ley 15/2010, pongo de manifiesto el presente informe en relación al nivel de cumplimiento de los plazos de pago, de las facturas registradas a lo largo del ejercicio contable y presupuestario de 2.011, con el fin de que:

A.-Se remita el mismo junto con los listados a los organismos citados (Dirección General de Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las entidades Locales, del Ministerio de Economía y Hacienda), y a la Dirección General de Política Financiera y Tesoro de la Consejería de Hacienda de la Xunta de Galicia. Esta remisión deberá ser automática de acuerdo al artículo 4º citado.

B.-Se eleve al Pleno de la Corporación.

2º.-Por mandato del artículo 5º de la Ley 15/2010, pongo de manifiesto el informe trimestral relativo a las facturas que habiendo sido registradas han transcurrido más de tres meses desde su fecha registral sin haber sido contabilizadas. Al no existir esta casuística, tal como se expuso con anterioridad, no se adjunta listado al respecto.

3º.-Respecto de todas las facturas no contabilizadas, **no procede requerir** de los órganos gestores (Alcaldía) que se justifique por escrito la ausencia de reconocimiento, contando para ello con toda la información que le sea precisa de los servicios económicos de este Ayuntamiento.

En RIANXO a 27 de abril de 2.011.

El Interventor General

D. Juan José Vidal Vilanova

La Tesorera Municipal

Dña. Ramona Comojo Vicente

Diligencia final: En la próxima trimestral (7 de julio de 2.011), se actualizarán los listados a las fechas de referencia.>>

O Pleno dase por enterado.

4.- DACIÓN DE CONTA DA OPCIÓN COMO CONCELLEIRO E ALCALDE DE DON ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ E O PASE Á SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS

Dase conta do escrito presentado o día 01/07/2011 cuxo contido é o que segue:

<<D. Adolfo Muíños Sánchez, Alcalde do Concello de Rianxo, con D.N.I 33.264.742-A, e domicilio na rúa O Pazo, 264 (Rianxo)

EXPÓN:

1.- Que ostenta a condición de empregado público do Concello de Santiago de Compostela en situación de servizos activos.

2.- Que o Pleno do Concello, con data de 30/06/2011, acordou recoñecerlle, como Alcalde de Rianxo, unha dedicación exclusiva, esixíndolle unha dedicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

3.- Que de conformidade co previsto nos artigos 75, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 10 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e demais normativa aplicable, concorre na súa persoa unha causa de incompatibilidade que pon en coñecemento da Corporación.

4.- Que en cumprimento do previsto na normativa citada **opta por exercer o cargo de Alcalde do Concello de Rianxo en réxime de dedicación exclusiva**, debendo solicitar o pase á situación de servizos especiais en relación coa súa condición de empregado público perante o Concello de Santiago de Compostela.

Rianxo, 01 de xullo de 2011

O Alcalde
Adolfo F. Muíños Sánchez>>

O Pleno do concello queda sabedor da mesma.

5.- DACION DE CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDIA Nº 972/2011, DO 05 DE XULLO SOBOR DA ACEPTACIÓN DAS DEDICACIÓNS APROBADAS

Dase conta da devandita resolución que figura no expediente e que se transcribe de seguido:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na sesión plenaria celebrada o día 30 de xuño de 2011 aprobouse a proposta da Alcaldía respecto das dedicacións exclusivas para os cargos que se contemplaban na mesma.

Con efectos do día 01 xullo de 2011 presentouse na Secretaría, a aceptación da dedicación exclusiva por ambos membros da corporación designados na condición de Alcaldía un, e outro como Delegación Especial en materia de Urbanismo, Industria, Comercio e Novas Tecnoloxías.

Polo exposto, e ao abeiro do estipulado no artigo 75 da Lei de Bases de Rexime Local 7/85, procede por esta Alcaldía determinar quen se corresponde coas dedicacións aprobadas, e en consecuencia RESOLVO:

Primeiro: *Aprobar a seguinte relación conforme ao acordado polo pleno:*

| CARGO | DEDICACIÓN | NOME |
|---|------------|--------------------------|
| ALCALDIA | Exclusiva | Adolfo F. Muíños Sánchez |
| Delegación Especial en materia de Urbanismo, Industria, Comercio e Novas Tecnoloxías. | Exclusiva | Jose Carlos Gey Hermo |

Segundo: Notificar aos interesados co réxime de recursos correspondentes, comunicándose ao pleno na seguinte sesión ordinaria.>>

O Pleno do concello queda sabedor da mesma.-

6.- DACIÓN DE CONTA DOS CONCELEIROS QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS, E DA R.A. Nº 988/2011, DO 11 DE XULLO, DE DELEGACIONS DA PRESIDENCIA

Pola Presidencia dase conta dos escritos presentados polos grupos políticos que integran a Corporación, para adscribir os seus membros ás diferentes Comisións informativas creadas polo Pleno da Corporación (PSOE rex. entrada nº 3962 de data 04/07/2011, BNG rex. entrada nº 4020, de data 05/07/2011, PP rex entrada nº 4069, de data 06/07/2011).

Procedeuse entón, o día 06/07/2011, a convocar a sesión constitutiva de cada unha das Comisións Informativas acordadas na sesión plenaria para o 08/07/2011, en que tiveron lugar, e que trala constitución, resolveron sobre a delegación da presidencia, agás na comisión especial relativa ao PXOM.

Con data 11 de xullo de 2011, a Alcaldía ditou a seguinte Resolución que se transcribe de seguido:

<<RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Na sesión plenaria celebrada o día 30 de xuño de 2011 aprobouse a proposta da Alcaldía respecto da composición das Comisións Informativas, garantindo a proporcionalidade na representatividade corporativa de xeito que, formarían parte de cada unha 1 concelleiro de cada grupo político municipal, sendo o Alcalde o Presidente nato da Comisións Informativas.

Vista a proposta efectuada polas distintas Comisiones Informativas constituídas en data 08 de xullo de 2011, e trala correspondente elección efectuada no seu seno.

Considerando que a Secretaria indica que podería propoñer noutro membro da corporación, e que non conta na composición a Presidencia, mais a Alcaldía estima que prefere esta composición para garantir unha maior paridade na composición destes órganos.

Polo exposto, e en base á proposta de delegación efectuada, esta Alcaldía RESOLVE:

***Primeiro:** Delegar o exercizo efectivo da Presidencia das seguintes Comisións Informativas municipais, das cales é presidente nato o titular da Alcaldía, nomeando Presidente das Comisións aos Concelleiros que a continuación se relacionan para cada unha delas, conforme a dita proposta:*

Comisión Informativa de Educación, Cultura, Turismo, e Normalización Lingüística: D/Dª HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.-.

Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Participación, persoal e asuntos internos. D/Dª ADELINA CES QUINTANS.-

Comisión Informativa de Obras, Servizos, Protección Civil, e Medio Ambiente. D/Dª CONSTANTINO CASTAÑO CALVO.-

Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria, Comercio e Emprego. D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS.-

Comisión Informativa de Deporte, Xuventude, Muller e Sanidade. D/Dª JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.-

Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda. D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO.-

Comisión Especial de Contas: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS.-

Na Comisión Informativa especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal coincide a Presidencia efectiva e a condición á vez de vogal en Adolfo F. Muiños Sanchez.

Segundo: *Dar conta desta Resolución ás Comisións Informativas correspondentes, e ao Pleno na próxima sesión que se celebre.>>*

En consecuencia os membros das diferentes Comisións Informativas son os seguintes:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, CULTURA, TURISMO, E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Presidente: D/D^a HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Suplente: D/D^a M^a TERESA SOBRADELO IGLESIAS

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a ELISA BOUZAS VICENTE.- Suplente: D/D^a ANA MARIA EITOR VIDAL

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/D^a MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS.

Presidente: D/D^a ADELINA CES QUINTANS

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a ADELINA CES QUINTANS .- Suplente: D/D^a HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a ANA MARIA EITOR VIDAL.- Suplente: D/D^a ELISA BOUZAS VICENTE

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO.- Suplente: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA DE OBRAS, SERVIZOS, PROTECCIÓN CIVIL, E MEDIO AMBIENTE.

Presidente: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO.

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/D^a CONSTANTINO CASTAÑO CALVO .- Suplente: D/D^a XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ

- Grupo P.P.:

Titular: D/D^a M^a VANESA MARTÍNEZ DURAN.- Suplente: D/D^a JOSE RICARDO BESADA GESTO

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/D^a JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO.

Presidente: D/D^a SONIA CASTAÑO EIRAS

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª CONSTANTINO CASTAÑO CALVO.- Suplente: D/Dª ADELINA CES QUINTANS

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.- Suplente: D/Dª ELISA BOUZAS VICENTE

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS.- Suplente: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTE, XUVENTUDE, MULLER E SANIDADE.

Presidente: D/Dª JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.-

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- Suplente: D/Dª Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA.- Suplente: D/Dª JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO.- Suplente: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E VIVENDA.

Presidente: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO

Vogais:

- Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª ADELINA CES QUINTANS.- Suplente: D/Dª CONSTANTINO CASTAÑO CALVO

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- Suplente: D/Dª JOSE RICARDO BESADA GESTO

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS

COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

Presidente: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS

Vogais:

- Presidente: D/Dª Grupo B.N.G:

Titular: D/Dª ADELINA CES QUINTANS.- Suplente: D/Dª CONSTANTINO CASTAÑO CALVO

- Grupo P.P.:

Titular: D/Dª JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE.- Suplente: D/Dª ANA MARIA EITOR VIDAL

- Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS.- Suplente: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Presidente: D/Dª ADOLFO F.MUIÑOS SANCHEZ

Vogais:

- Grupo B.N.G:
Titular: D/Dª ADOLFO F.MUIÑOS SANCHEZ .- Suplente: D/Dª Mª ADELINA CES QUINTANS

- Grupo P.P.:
Titular: D/Dª JOSE RICARDO BESADA GESTO.- Suplente: D/Dª Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA

- Grupo PSdeG-PSOE:
Titular: D/Dª JOSE CARLOS GEY HERMO.- Suplente: D/Dª SONIA CASTAÑO EIRAS

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanessa Martinez Durán**, pide a palabra para apuntar que non se deu conta dos titulares e suplentes correspondentes ao BNG na Comisión de Educación, e que debia dito grupo presentar por rexistro as súas designacións igual que os demais.

O Alcalde dille que cecais non se deu conta na propia comisión informativa do día 08/07/2011, pero se que teñen a proposta do BNG rexistrada e figuraba no expediente.

Vanessa Martinez Duran, pide disculpas se logo é así, que non o sabia.

O Pleno do concello queda sabedor da mesma.-

7.- NOMEAMENTO DE MEMBROS (pendentes) DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN

A Alcaldía comenta a proposta remitida aos grupos e que figura no expediente, cuxo contido é o que se transcribe:

<<Na sesión plenaria de data 30 de xuño de 2011 acordouse nomear representantes da corporación en órganos colexiados que procedían, resultando algúns aspectos pendentes que neste intre sométense ao Pleno.

A) Así conforme aos estatutos da **Fundación Museo do mar**, resultan ser Patróns natos:

- O Alcalde do Concello de Rianxo.
- Concelleiro de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude.
- Concelleiro de Economía e Facenda.
- 1 representante de grupo político municipal distinto ao goberno.

Recibida comunicación do grupo político municipal do Partido Popular (RXE nº 4146, do 08/07/2011) e concretados o resto, estes serían:

- O Alcalde do Concello de Rianxo.
- D. Hadriana Ordoñez Otero.
- Dona Sonia Castaño Eiras.
- Jose Ricardo Besada Gesto.

B) Por outra banda, recíbese requirimento do Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar, que amén do nomeamento efectuado no pleno anterior sinalado con carácter xeral como membros integrados en dita entidade, precisase especificamente para a **Escola Infantil “ A Galiña Azul”**, e conforme ao Convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Rianxo para a xestión da Escola Infantil “ Galescola de Rianxo” integrada na Rede Galega de Escolas Infantís (Galescolas), asinado o 04/01/2007, así como o Regulamento de organización e funcionamento das Escolas Infantís xestionadas polo Consorcio, indican que resta determinar representantes para:

- Comisión Mixta (artigo 8A do regulamento): O Alcalde ou persoa en quen delegue.

- Consello Escolar (artigo 7c): 2 representantes: Sendo o Alcalde que ostentará a Presidencia ou persoa en quen delegue, e 1 persoa en representación do Concello.

Téndose designado na sesión plenaria do día 30/06/2011, unicamente un representante para o Consello Escolar (Hadriana Ordoñez Otero), resta nomear outro, así como para a Comisión Mixta indicada, propónse que o outro representante sexa o Alcalde para a Comisión Mixta, e un concelleiro do grupo político municipal do Partido Popular como o outro representante no Consello Escolar.

C) Con data 11 de xullo (RXE nº 4153) solicítase polo **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**, do que este concello é socio titular, o nomeamento da persoa que ostente a representación neste novo mandato, polo que se propón ao Alcalde.

D) En canto á **Mesa Local de Comercio**, restaba concretar o nome dos dous concelleiros que formarían parte da mesma, sendo recibida comunicación do grupo político municipal do Partido Popular (RXE nº 4146, do 08/07/2011)e concretado o outro, estes serían:

- D. Jose Carlos Gey Hermo.
- D. Mª de las Nieves Vicente Varela.

Consonte ao disposto no artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Pleno debe proceder ao nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados dos organismos ou entidades que proceda legalmente ou dos que forme parte.-

Xa que logo, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Vistas as propostas, designar os seguintes Patrons Natos da Fundación Museo do Mar, xunto ao Alcalde do Concello de Rianxo:

- O Alcalde do Concello de Rianxo.
- D. Hadriana Ordoñez Otero.
- Dona Sonia Castaño Eiras.
- Jose Ricardo Besada Gesto.

Segundo.- Nomear como representantes desta Corporación para os seguintes órganos da Escola infantil “ A Galiña azul”:

- Comisión Mixta : O Alcalde.
- Consello Escolar : Ademais de a nomeada na sesión do 30/06/2011 a 1 concelleiro do grupo político municipal do Partido Popular.

Terceiro.- Designar como representante no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Alcalde.

Cuarto.- Nomear como representantes municipais na Mesa Local de comercio, e partindo do acordado na sesión plenaria do 30/06/2011, aos seguintes:

- D. Jose Carlos Gey Hermo.
- D. Mª de las Nieves Vicente Varela.

Quinto.- Notifica-lo presente acordo aos Concelleiros/as designados, aos Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos, e ao resto de organismos.>>

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, **Vanessa Martinez Durán**, dí que están de acordo e propoñen como representante no Consello Escolar de “ A Galiña Azul”, a Elisa Bouzas Vicente.

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **Jose Carlos Gey Hermo**, di que están de acordo.

A voceira do grupo do B.N.G, **Adelina Ces Quintáns**, di que están a favor.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, xunto coa proposta de representante formulada neste intre polo grupo municipal do PP, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos seguintes termos:

Primeiro.- Vistas as propostas, designar os seguintes Patrons Natos da Fundación Museo do Mar, xunto ao Alcalde do Concello de Rianxo:

- O Alcalde do Concello de Rianxo.
- Dona. Hadriana Ordoñez Otero.
- Dona Sonia Castaño Eiras.
- Don Jose Ricardo Besada Gesto.

Segundo.- Nomear como representantes desta Corporación para os seguintes órganos da Escola infantil "A Galiña azul":

- Comisión Mixta : O Alcalde.
- Consello Escolar : Dona Hadriana Ordoñez Otero e Dona Elisa Bouzas Vicente.

Terceiro.- Designar como representante no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade ao Alcalde.

Cuarto.- Nomear como representantes municipais na Mesa Local de comercio, e partindo do acordado na sesión plenaria do 30/06/2011, aos seguintes:

- D. Jose Carlos Gey Hermo.
- Dona M^a de las Nieves Vicente Varela.

Quinto.- Notifica-lo presente acordo aos Concelleiros/as designados, aos Presidentes dos Consellos Escolares dos Centros Escolares devanditos, e ao resto de organismos.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDEANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS

O Alcalde di que debido a que apremiaba o tempo non se puido convocar a comisión informativa correspondente polo que debe someterse antes a votación a súa urxencia, por non estar ditaminada.

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A Alcaldía comenta a proposta remitida aos grupos e que figura no expediente.-

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade dos membros presentes**, 17 dos 17 que legalmente o conforman, isto é, maioría absoluta do numero legal de membros que conforman o pleno municipal.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN, o contido literal é o seguinte:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 15 a 19, e có fin evitar a perda da capacidade de xerar ingresos que compensen a subida de prezos interanual dos gastos.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 11/07/2011.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da **TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA USO E DISFRUTE DA PISCINA MUNICIPAL E INSTALACIÓNS ANEXAS**, no seu artigo 5º.- **Tarifas**, que queda cúa a seguinte redacción:

“Artigo 5º. Tarifas

A taxa a satisfacer ó Exmo. Concello de Rianxo ou empresa Concesionaria pola utilización das instalacións que a continuación se citan, axustaranse ás seguintes:

Tarifas:

1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única)

| TARIFAS | importe |
|---|---------|
| 1.-Cotas de Inscripción: (tarifa única) | |
| MATRICULA ABONADO | 24,26 € |
| INSCRIPCIÓN CURSILLISTA NON ABONADO | 19,41 € |
| EXCEDENCIA | 24,26 € |

Observacións:

- Os usuarios que ingresen na instalación e inscribese por primeira vez como socio- abonado ou se apunta a algunha das actividades acuáticas das que se oferten, aboará unha cota en concepto de matrícula polos custos administrativos de inscrición. Esta cota de alta é independente da cota mensual.
- Aquela persoa que cause baixa abonará unha cota de excedencia no momento de reincorporarse polos custos administrativos do tratamento da baixa e alta.
- Toda persoa que se abone pagará o mes completo independentemente da data que se dea de alta.

2.-Socio – Abonado (tarifa mensual)

| TARIFAS | importe |
|---|---------|
| 2.-Socio- Abonado (tarifa mensual) | |
| INSCRIPCIÓN ADULTO | 24,26 € |
| INDIVIDUAL MENOR DE IDADE | 15,52 € |
| INDIVIDUAL HORARIO DE MAÑÁ | 14,55 € |
| INDIVIDUAL XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO * | 11,64 € |
| FAMILIAR (unidade familiar con fillos menores de idade) | 29,11 € |
| * POR FILLO ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS | 8,73 € |
| MATRIMONIO DE XUBILADOS E/ OU PENSIONISTAS | 17,46 € |

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen acceso ós servizos que se relacionan tódolos días sen límite de tempo:
 - Piscina climatizada: baño libre nas rúas destinadas para tal uso
 - Zona SPA e zona e relaxación
 - Sala de Fitness
 - Actividades físico- deportivas dirixidas
 - Ademais ten prioridade nas actividades acuáticas, de saúde, etc, cunha redución de tarifa de ata un 50%.
- Socio- Abonado FAMILIAR:**
 - Os membros que formen o socio familiar teñen as mesmas vantaxes e obrigas que o socio individual.
 - Os fillos poderán formar parte do abono mentres non cumpran os 18 anos.

3. No intre do cumprimento de dita idade, teranse que aboar de forma individual, acolléndose as posibilidades existentes.
 4. Para acollerse o abono de socio Familiar, é necesario a presentación da fotocopia do libro de familia. O troco de situación familiar traerá consigo a perda de dito abono.
- Socio- Abonado nas categorías de : ESTUDANTE ENTRE 18 E 24 ANOS; MATRIMONIO DE XUBILADOS OU PENSIONISTAS; XUBILADO, PENSIONISTA, DISCAPACITADO:
 1. Para acollerse a estes abonos será obrigatorio aportar os documentos acreditativos.
 2. No caso da terceira idade será obrigatorio teren cumpridos máis de 60? anos , ou presentar xustificante de ser pensionista.
 3. Para os estudantes será obrigatorio a presentación do carné de estudante, ou no seu defecto, unha copia do pago da matrícula do ano académico correspondente á data de alta.
 4. Do mesmo xeito, os discapacitados deberán acreditar os documentos que demostren a súa condición.

3.- Entradas puntuais : (tarifas por entrada puntual- sesión)

| 3.- Entradas Puntuais- sesión (tarifas por entrada puntual- sesión) | importe |
|--|----------------|
| PISCINA | 4,85 € |
| PISCINA: COLECTIVOS ESPECIAIS * E INFANTIL | 2,90 € |
| SALA FITNESS: ADULTO | 5,82 € |

Observacións:

- Os usuarios que accedan a esta modalidade teñen dereito por sesión, a utilizar por libre a piscina.

4.-Reservas : (tarifas por hora)

| 4.- Entradas Puntuais - reservas- (tarifas por hora) | importe |
|---|-----------------|
| USO DUNHA RÚA DA PISCINA 1 HORA | 20,38 € |
| USO DA PISCINA PARA COMPETICIÓN / 1 HORA | 291,09 € |

Observacións:

- A tarifa correspóndense coa reserva- aluguer dunha hora de uso da piscina que sexa solicitada polos distintos clubs e asociacións interesadas, para realización de actividades deportivas. Os clubs e asociacións poderán establecer convenios co Concello de Rianxo ou empresa concesionaria para a redución das tarifas. Correspóndelle o Concello de Rianxo ou empresa concesionaria o establecemento da porcentaxe de redución na tarifa.

5.- Actividades acuáticas: (tarifa mensual)

| 5.- Actividades acuáticas (Tarifa mensual) | ABONADOS | NON ABONADOS |
|--|-----------------|---------------------|
| 4,-1) INFANTIL E MOZOS/ AS | | |
| 1 DÍA/ SEM. | 8,73 € | 17,46 € |
| 2/ DÍAS/ SEM | 16,50 € | 32,99 € |
| 4,-2) ADULTOS | | |
| 1 DÍA/ SEM. | 8,73 € | 17,46 € |
| 2/ DÍAS/ SEM | 16,50 € | 32,99 € |
| 3/FÍAS/ SEM | 23,29 € | 46,58 € |
| 4,-3) BEBÉS | | |
| 1 DÍA/ SEM. | 11,64 € | 23,29 € |
| 4,-4 CURSOS INTENSIVOS VERÁN | | |
| 1 DÍA/ SEM. | 17,46 € | 34,93 € |

Observacións:

- Este usuario é aquel que asiste á instalación regularmente porque está inscrito a unha actividade acuática dirixida con monitor, e que unha vez finalizada abandona a instalación. Só ten

acceso á súa actividade, nos días e horas contratadas. Aos socios- abonados realizaráselles un desconto de ata 50% en todos as actividades acuáticas.

A estes importes a empresa Concesionaria debe aplicar aos usuarios o IVE que corresponda en cada momento

- 1.- A presente modificación da Ordenanza foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2011.
- 2.- O inicio de aplicación desta modificación é o 1 de setembro de 2011.”

Segundo.- Expoñer ao público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

Procédese pola Presidencia a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán, apunta que nestes intres ningún incremento das taxas é xustificable e as familias rianxeiras esto vailles supor un esforzo a maiores, por elo votaran en contra.

O voceiro do grupo PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que a suba non supera o 3% sobre as tarifas existentes o que supón en termos reais non mais de 1€ en cada caso. Aproveita para manifestara a felicitación polo bo funcionamento das instalacións das que fan uso mais de mil usuarios.

A voceira do grupo BNG, Adelina Ces Quintáns, tamén considera que é un incremento mínimo e que é máis loxico que o soporten os usuarios de ditas instalacións que non repercuta en outras taxas ou tributos para manter o servizo.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e 5 do PSOE-PSdeG), 6 votos en contra (os 5 do P.P.), dos 17 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:25 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo